

## DA RAZÓN VITAL (ORTEGA E GASSET) Á RAZÓN POÉTICA (MARÍA ZAMBRANO)

**José Ortega e Gasset** nace en Madrid en 1883 nunha familia de periodistas. Tras doutorarse en Filosofía en 1904 pola Universidade Central continúa a súa formación en Alemaña, onde entra en contacto coa corrente neokantiana. En 1910 obtén a cátedra de Metafísica pola universidade Central de Madrid (actual universidade complutense). Durante a II república foi elixido deputado pola “Asociación ao servizo da república” e en 1936 abandona España camiño do exilio, ata que regresa en 1945. Ante a imposibilidade de recuperar a súa cátedra, funda o “Instituto de humanidades”, onde continuou exercendo como profesor. Morre en Madrid en 1955.

No que respecta á súa actividade como intelectual, o obxectivo non é unicamente crear unha nova proposta filosófica, senón contribuír á renovación, desenvolvemento cultural e europeización de España. Comparte coa “Generación del 14” o europeísmo, colocar a España ao nivel intelectual de Europa; o racionalismo, defensa da razón e a ciencia; e o republicanismo.

A súa **contribución ao desenvolvemento cultural do país** é evidente, participa en numerosos proxectos políticos, educativos, culturais e filosóficos: en 1914 funda “La liga de educación política española, 1916 co fundador do diario “El sol”, en 1923 a “Revista de occidente”, en 1931 co fundador da “Asociación al servicio de la república”, en 1948 “Instituto de humanidades”.

Estando a súa filosofía profundamente motivada pola situación de España, cuxa penuria intelectual pretende remediar, outorga ao seu pensamento un marcado sentido práctico, coa unión de filosofía e política.

A **producción intelectual de Ortega** chéganos por distintos medios: prensa, revistas, conferencias, cursos... e por suposto, grazas a toda a obra publicada. Podemos clasificar a súa obra en dous períodos: O **período perspectivista** (1914-1923) *Meditaciones del Quijote, Verdad y perspectiva* ...e o **período raciovitalista** (1923- 1955) *El tema de nuestro tiempo, La rebelión de las masas, Qué es filosofía* (publicada postumamente).

Na filosofía de Ortega, obsérvase influencia e superación de varias correntes contemporáneas: o neokantismo de Cohen, o vitalismo de Nietzsche, a fenomenoloxía de Husserl, o historicismo de Dilthey ou o existencialismo de Heidegger.

Coa **propuesta raciovitalista** propónse superar criticamente o racionalismo e vitalismo. En contra do racionalismo moderno e en sintonía coa ilustración, critica o dogmatismo dos racionalistas, incapaces de admitir os límites do coñecemento racional. Mais distáncianse do vitalismo de Bergson ou de Nietzsche, cando defende a primacía do coñecemento racional, situando **á vida no centro da reflexión filosófica**, conectando neste último aspecto co pensamento Nitzschiano.

En *Qué es filosofía* afirma, “o primeiro que debe facer a filosofía é definir...a nosa vida, a de cada quen”. A vida é algo que nos é dado, sen ter elixido, pero que temos que resolver nós, dentro dunhas determinadas circunstancias sociais ou históricas. “Vivir é

constantemente decidir que imos ser”, dentro dun horizonte finito de posibilidades. En consecuencia, a vida é proxecto e liberdade, dende un presente e cara o futuro. En *Qué es filosofía* Ortega menciona as categorías que definen a vida humana dende unha perspectiva filosófica: fatalidade, liberdade, proxecto, futurización..

Ortega substitúe a formula cartesiana “cogito ergo sum”, por “cogito quia vivo”, non existo porque penso, senón que penso porque existo. A vida precede ao pensamento.

En *El tema de nuestro tiempo*, afirma “**a razón pura debe ser substituída por unha razón vital**”. En contra do idealismo (Descartes, Kant...) que concibe a razón en abstracto, pura, soa, á marxe da vida. Ortega manifesta a necesidade de situar á razón dentro dun suxeito concreto e singular, dentro dun ser humano afincado nunha circunstancia vital, existencial, ambiental, social e histórica. Polo tanto, a comprensión da realidade está posibilitada polas estruturas cognitivas dun suxeito concreto, cun contexto vital e social determinado.

**María Zambrano** é sen dúbida a pensadora española máis importante do século XX. Naceu en Málaga en 1904 e estudou filosofía na Universidade Central de Madrid, onde foi discípula de Ortega. O seu fondo compromiso coa causa republicana obrigouna a exiliarse ao rematar a guerra civil e foi a causa de que os seus libros fosen esquecidos durante o franquismo. En 1984 regresa a España, onde residiu ata a súa morte en 1991.

A súa vida, obra e pensamento está marcada polo activismo político e a experiencia do exilio. Compromiso político e social que se evidencia dende moi cedo, participa na “Federación universitaria escolar”, “Liga de educación social”, loita contra a ditadura de Primo de Rivera e xa na república leva a cabo unha labor intensa nas “Misiones pedagógicas” e na “Frente popular”. Mantén contacto e amizade cos grandes intelectuais de esquerdas do momento; Lorca, Cernuda, Rafael Dieste, Maruja Mallo, Miguel Hernández...

Podemos clasificar a obra de María Zambrano en 3 períodos. O **período anterior ao exilio**: *Nuevo liberalismo*, *Los intelectuales en el drama de España*, *Pensamiento o Poesía en la vida española*. **Período do exilio**: *Hacia el saber sobre el alma*, *El hombre y lo divino*, *Persona y democracia*, *Claros del Bosque* ... O **período de retorno do exilio**: *De la aurora*, *Notas de un método*, *los bienaventurados*....

No que respecta á súa proposta filosófica, María Zambrano aspira a **superar a ruptura entre filosofía e poesía** que, tal e como salienta en *Filosofía y poesía*, ten a súa orixe na filosofía platónica. Filosofía e poesía non son opostas, senón complementarias.

A **razón poética** é un dos conceptos máis orixinais e profundos da filosofía de Zambrano. A través deste enfoque, busca superar a dicotomía entre a razón e outros elementos que nos constitúen como seres humanos (intuición, emoción, sentimento, paixón, imaxinación...). María Zambrano constrúe, coa súa proposta de razón poética, unha **ponte entre o pensamento racional e o poético**. Unha unión que permite comprender a realidade dende unha perspectiva máis completa e humana, e acceder a temas que a filosofía tradicional deixou fora (vida, morte, dor, amor...).

María Zambrano cuestionou o enfoque excesivamente racionalista de Ortega, coa razón vital Ortega conseguía superar o idealismo da modernidade, máis seguía deixando fora a dimensión poética e emocional da existencia humana. En definitiva, Zambrano busca unha “razón máis ampla” e unha filosofía comprometida co sufrimento, a esperanza e a procura de sentido, nun mundo desgarrado polos acontecementos políticos que lle tocou vivir e a experiencia do exilio.

Estes apuntamentos foron tomados e elaborados a partir dos seguintes manuais, obras e recursos dixitais e periodísticos:

- *Qué es filosofía* Ortega y Gasset. Alianza editorial
- *Historia de la filosofía*. Varios. Ed. MC Graw Hill
- *Historia da filosofía*. Varios. Ed. Rodeira
- *Fundación María Zambrano*. Recursos dixitais
- *Filosofía&Co. María Zambrano*. Recursos dixitais
- “*El retorno de María Zambrano*”. Jorge Álvarez Yágüe. Faro de Vigo.

Olga Costas Alonso

Ies Auga da Laxe

Departamento de filosofía.